



Acondicionamento do acceso ao interior do lugar de Pena (Loureda)



Acondicionamento do Campo do Río (Ledesma)



A nova senda peonil de Lamas mellorará a seguridade viaria na zona



Melloras nos vestiarios do pabillón polideportivo do Forte

Melloras en prazas e equipamentos públicos para rematar o ano

O Concello de Boqueixón vén de rematar unha serie de actuacións por todo o municipio que supuxeron un investimento por riba dos 250.000 euros e que inclúen a mellora de prazas e equipamentos públicos, así como a construción dunha nova senda peonil para mellora da seguridade viaria.

Así, o Concello vén de rematar as obras de mellora no pavillón polideportivo do Forte, onde investiu 48.000 euros grazas a unha achega da Secretaría Xeral para o Deporte. Uns traballos que



Novo parque infantil para a rapazada do CRA de Sergude

permitiron, entre outras cousas, arranxar a cuberta do polideportivo, os accesos aos vestiarios, así como o in-

terior dos mesmos. Así mesmo, o Concello procedeu á cubrición do parque infantil do CRA de Sergude, seguin-

do así o camiño iniciado en Lestedo e Camporrapado.

Así mesmo, rematáronse as obras da senda peonil entre Lamas e Rodiño, nas que o Concello investiu máis de 110.000 euros. Unha obra que inclúe recollida de augas pluviais e que mellorará a seguridade dun tramo especialmente transitado, tanto por peóns como por vehículos.

Finalmente, o Concello de Boqueixón fixo traballos de mellora nos accesos ao lugar da Pena (Loureda) e no Campo do Río de Ledesma.



Fomentando a creatividade da nosa rapazada

Adornos de nadal, creación de velas e decoración con parafina, creación de neve artificial, elaboración de doces... son só algunhas das temáticas dos Obradoiros de Nadal programados polo Concello de Boqueixón e que tiveron lugar na Casa da Cultura de Camporrapa-

do e nos locais sociais de Sergude e de Lestedo.

Uns obradoiros dirixidos a nenos e nenas de Infantil e Primaria, que tiveron lugar en horario de tarde (de 16:00 a 18:30 horas) e que axudaron a numerosas familias do municipio a conciliar a vida laboral e da vasa du-



Nenos e nenas de Boqueixón desfrutaron dos obradoiros programados

rante as vacacións de Nadal. Para o ano novo, tan só resta unha segunda sesión do

Obradoiro de Lettering o 4 de xaneiro para completar o programa.



Nadal Activo permítelles conciliar ás familias de Boqueixón

O programa lúdico-educativo Nadal Activo encheu as súas prazas, facilitando a conciliación laboral

e familiar dunha vintena de familias de Boqueixón nas vacacións de Nadal. As instalacións do CPIP Anto-

nio Orza Couto acolleron durante dez días a estes nenos e nenas, de infantil e primaria, que desfrutaron

dun amplo programa de actividades con todas as medidas hixiénico-sanitarias contra a Covid.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.

15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuita

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

A recepción dos Reis Magos irá precedida do espectáculo musical “Os tres porquiños”

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o mércores 5 de xaneiro, a partir das 16:00 horas, a tradicional recepción dos Reis Magos. Unha actividade dirixida unicamente a nenos e nenas empadroados en Boqueixón ou matriculados nun centro educativo do municipio.

As persoas interesadas en participar nesta actividade deben cubrir un formulario en liña dispoñible na web municipal (www.boqueixon.gal). De acordo coas recomendacións sanitarias polo repunte de casos Covid en Galicia, o número de prazas é limitado polo que as entradas serán outorgadas por estrita orde de inscrición.

Sorteo

As crianzas asistirán a unha recepción das Súas



“Os tres porquiños” é unha obra musical con bonecos a tamaño real

Maxestades de Oriente, que escoitarán as súas peticións. Previamente, participarán nun sorteo de agasallos, que se desenvolverá en colaboración con SBC Gasolineras, e asistirán ao espectáculo “Os tres porquiños”, unha obra musical con bonecos a tamaño real da compañía EducaTeatro

Producións. Trátase dunha combinación de música e lingua que ofrece unha divertida visión de como serían os tres porquiños e o lobo feroz hoxe en día.

O Concello de Boqueixón lembra que durante toda a actividade será preciso cumprir con todas as medidas preventivas recomen-

dadas polas autoridades sanitarias nese momento. Polo tanto, o público deberá permanecer sentado e con máscara en todo momento.

Máis información no Departamento de Cultura de Boqueixón (cultura@boqueixon.com ou no teléfono 981 513 115). Así mesmo, aquelas persoas que non poidan completar a súa inscrición en liña, poderán reservar a súa praza a través deste departamento.

Boqueixogo anulado

Por outra banda, o Concello decidiu anular a iniciativa Boqueixogo, prevista para o domingo 2 de xaneiro no pavillón do Forte, debido ao incremento no número de positivos por Covid-19 en Galicia, o que aconsellaba ser prudentes neste tipo de actividades.



Os nenos e nenas de Boqueixón reciben a visita de Papá Noel

Todos os nenos e nenas escolarizados en Boqueixón recibiron a visita de Papá Noel. As crianzas

das escolas unitarias de Camporrapado, Lestedo e Sergude foron as primeiras en contactar por vi-

deoconferencia con Papá Noel, quen despois se desprazou persoalmente a visitar ao alumnado de

infantil e primaria do CPI Antonio Orza Couto e aos nenos e nenas da escola infantil municipal.



"O rei da Ponte", de Alejandra Fernández



"Pico Sacro e mar de nubes", de Elisabet López



"Amencer desde o Pico", de Antía Castro

O Concello entrega os premios do concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón"

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, vén de entregar os premios do VII Concurso de Fotografía "Paisaxes de Boqueixón". O xurado destacou a gran calidade técnica e compositiva das fotografías presentadas a este certame, que ten como principal obxectivo dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do noso municipio.

Das imaxes presentadas, o xurado seleccionou doce finalistas que compoñen o tradicional calendario que o Concello de Boqueixón edita todos os anos e co que agasalla á veciñanza



Entrega dos premios ás fotografías gañadoras de "Paisaxes de Boqueixón"

polo Nadal. Unha selección na que se tiveron en conta os seguintes criterios á hora

de elaborar cada fotografía: técnica, composición, impacto visual, mensaxe

transmitida, creatividade e dificultade.

Gañadoras

Entre as fotografías finalistas, o xurado escolleu as tres gañadoras nunha axustada votación. O primeiro premio foi para Alejandra Fernández Vilela pola súa fotografía "O rei da Ponte", que recibiu un vale de 200 euros para empregar en calquera establecemento de Boqueixón. O segundo posto foi para Elisabet López Carvalhais por "Pico Sacro e mar de nubes", cun premio de 100 euros. Os 50 euros do terceiro posto foron para Antía Castro Vázquez por "Amencer desde o Pico".

Feijóo anuncia un selo Galicia Calidade Alimentaria

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou en Boqueixón a creación do selo Galicia Calidade Alimentaria que englobará produtos agroalimentarios con excelencia recoñecida e afondará na súa promoción. O novo distintivo agrupará os produtos con denominacións

de orixe e indicacións xeográficas protexidas, marcas de garantía como Galega 100%, as razas autóctonas e o selo PescadeRías.

O anuncio foi realizado no Pazo de Quián, onde o presidente estivo acompañado polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.



Lodeiro, a primeira casa do maior de Boqueixón, abre as súas portas en Loureda

Todo listo en Boqueixón para a apertura da primeira casa do maior do municipio, que chega da man da emprendedora Marta Renda Guillán: casa do maior Lodeiro, na parroquia de Loureda. Trátase dun pequeno centro de día no rural, totalmente gratuíto para as persoas usuarias e as súas familias, e que atenderá a un máximo de cinco persoas maiores.

A casa do maior Lodeiro está emprazada nunha vivenda particular na parroquia de Loureda, que foi especialmente adaptada nas últimas semanas. Conta con cinco prazas dirixidas a persoas que teñan máis de 60 anos, tendo preferencia aquelas que teñan recoñecido un grado I ou II de dependencia.

Trátase dun novo servizo posto en marcha pola Consellería de Política Social e será gratuíto para a



Para presentar solicitudes e preciso dirixirse aos Sevizos Sociais de Boqueixón

persoa usuaria. De feito, o servizo inclúe os custos dos desprazamentos ata a casa do maior.

Así, Marta Renda xa ten contratado a un taxista local que se encargará da recollida e volta dos maiores nos seus fogares. Así mesmo, existe a posibilidade de xantar no local, no caso boqueixanés a través dun catering e pagando un suplemento de 5 € por día.

O seu horario de atención ao público será de 8 horas, de luns a venres. O horario será diúrno, se ben adaptarse á demanda das persoas usuarias.

Os Servizos Sociais de Boqueixón serán os encargados de tramitar a solicitude de praza na casa do maior á Xunta, polo que as persoas interesadas poden obter máis información no 981 513 106. Este

Casa do maior

- Máximo 5 prazas.
- Dirixidas a persoas de máis de 60 anos. Terán preferencia aquelas que teñan recoñecidos graos I ou II de Dependencia.
- Prezo: de balde, tanto servizo como desprazamentos. Xantar: 5€.
- Horario: diúrno, atención durante 8 horas.
- Solicitudes e información: nos Servizos Sociais de Boqueixón (981 513 106).

novo servizo vén complementar o Servizo de Axuda no Fogar. De feito, as persoas usuarias do SAF-Boqueixón, ao ter xa diagnosticada a dependencia, poden solicitar o cambio á casa do maior cunha tramitación moito máis rápida.



Sesenta aniversario de Balbino

A Casa da Cultura de Camporrapado quedou pequena para acoller *"Balbino: 60 anos de homenaxe a Galicia"*, un espectáculo conmemorativo do aniversario da publicación do libro de Neira Vilas. Presentado por Natalí González, actuaron a Unión Musical Ponteledesma, a soprano Noa Outumuro, Josele e o grupo de baile tradicional Punteirolo. A canción galega de Marina Vidal, veciña de Boqueixón, foi moi aplaudida.



Un ciclo para desfrutar en familia

Escena Pequena, o ciclo de teatro e música dirixido a un público familiar, vén de baixar o telón despois de tres interesantes propostas que congregaron cada unha a máis de medio cento de persoas na Casa da Cultura de Camporrapado. *Puño Puñete*, de Baobab Teatro, pechou un ciclo aberto polo concurso *Rilla, rilla*, de Xarope Tulú, e o espectáculo *A linguaxe esquecida*, de Papabuis.

Aloxamento e transporte de balde para mulleres vítimas de violencia de xénero

Os alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; Touro, Ignacio Codesido Barreiro; e Vedra, Carlos Martínez Carrillo, asinaron un convenio de colaboración para prestar servizo de aloxamento e transporte a mulleres vítimas de violencia de xénero en situacións excepcionais. Un acto no que participaron as técnicas de Servizos Sociais de Touro e Vedra, así como a responsable do CIM de Boqueixón.

Fernández Munín explicou que o convenio supón “un chanzo esencial na protección e na asistencia integral ás mulleres e menores ao seu coidado da nosa contorna, do rural. Aquelas mulleres que presentando denuncia por infracción penal relativa a violencia de xénero, ante os postos da Garda Civil que abarcan os termos municipais de Boqueixón,



O salón de plenos de Boqueixón acolleu a sinatura do convenio de colaboración

Touro e Vedra, terán a súa disposición servizo de transporte e aloxamento gratuíto, cando polo horario de presentación da denuncia ou pola situación de desamparo na que se atopan lles sexa dificultoso acceder de forma inmediata aos recursos que se ofertan desde a Secretaría Xeral de Igualdade”.

Pola súa banda, Ignacio Codesido indicou que “a situación de violencia de xé-

nero require dunha resposta coordinada por parte das distintas administracións. Resulta imprescindible sumar esforzos contando coa implicación da sociedade no seu conxunto”

Finalmente, Carlos Martínez Carrillo agradeceu o traballo dos servizos técnicos dos concellos e destacou que “seguramente detrás deste compromiso virán outros porque o importante é

que ano a ano vaiamos diminuindo a incidencia da violencia de xénero”.

Operatividade

O convenio está pensado atender a aquelas mulleres de Boqueixón, Touro ou Vedra que acudan a presentar unha demanda por violencia de xénero entre as 19:00 e as 9:00 horas. No cuartel terán un listado con teléfonos de taxis e aloxamentos no municipio, cuxo nome non se fará público para garantir a confidencialidade. Así, a vítima evitará ter que pasar esa primeira noite nas dependencias policiais e poderá pasala nun aloxamento digno, almorzar e despois desprazarse ao Xulgado.

Os gastos serán asumidos polo municipio no que estea empadroada a vítima. O convenio non ten data de finalización.

A Guía Empresarial de Boqueixón busca engrosar a súa lista

O Concello lembra que aquelas empresas ou persoas autónomas que desexen participar na Guía Empresarial de Boqueixón poden sumarse a esta iniciativa, que servirá como base para poñer en marcha futuras accións promocionais do tecido empresarial do municipio. Basta con cubrir un formulario (<https://forms.gle/kwYU89nkw89S-hySv5>) para seren incluídas na próxima edición, que se publicará a principios do ano 2022.

As vantaxes de apostar pola compostaxe no Nadal

O Concello de Boqueixón proponche unha experiencia para estes días de Nadal e Aninovo: antes de botar ao lixo os refugallos, separa toda a materia orgánica. Pesa cada día a cantidade e, ao remate das festas, fai a suma. Así comprobarás por ti mesmo/a a cantidade de lixo producido no teu fogar que vai ao vertedoiro, en vez de ser reutilizada a prol da natureza.

Ademais, se estercas o teu xardín ou horta, tamén poderás ver o aforro que suporía empregar todo ese compost, xa que é un fertilizante moi bo para a terra.

Preto do 50% do lixo que se xera no fogar é orgánico. O único que precisas é de espazo no xardín ou na horta onde colocar o composteiro, que che entregará o Concello de Boqueixón.

Porque o Concello segue repartindo de balde entre a veciñanza os composteiros adquiridos co apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e da Xunta de Galicia. Se aínda non tes o teu, solicítalo no Concello ou en compostaxe@boqueixon.com, achegando un formulario que atoparás na web municipal: www.boqueixon.gal.

O Concello lembra a obriga de recoller as deposicións das mascotas

O Concello de Boqueixón fai un chamamento ao civismo das persoas propietarias de cans e lémbrales a obrigatoriedade de recoller os excrementos das mascotas na vía pública. Ademais de evitar sancións económicas, trátase dun exercicio de respecto cara os seus conveciños, que teñen dereito a pasear por unhas rúas, sendas ou parques libres de deposicións de animais.

Anacos do noso

Adeus ao fundador da Unión Musical Ponteledesma: José Casal Balo

"Hoxe é un día triste para a Unión Musical Ponteledesma. Lamentamos comunicar o pasamento do fundador da nosa banda, José Casal Balo, veciño de Iedesma (Boqueixón)". Con estas palabras en Facebook, a Unión Musical Ponteledesma informaba aos seus seguidores e seguidoras de tan triste nova, acontecida o pasado 21 de decembro, e anunciaba a suspensión de actividades por parte da entidade como mostra de respecto e cariño.

Porque o nacemento da asociación cultural Unión Musical Ponteledesma chegou da man de dous veciños da contorna: José Casal Balo (Boqueixón) e Bernardo García del Río (Vila de Cruces), antigos músicos que comezaron a darlle forma a unha idea que lles roldaba pola cabeza e empezaron a facer as primeiras xestións para crear unha agrupación musical debido á añoranza dunha banda de música por parte dos veciños do Deza. Se ben as primeiras ideas xurden en torno ao ano 1983, non sería ata xuño de 1987 cando a Unión Musical Ponteledesma se presentaba en público dando o seu primeiro concerto nas Illas de Gres baixo a batuta do mestre Bernardo García del Río, primeiro presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares.

José Casal Balo tiña no seu haber o ter sido un destacado músico da Banda de Cira, onde a súa especialidade era o saxofón. Unha vez desfeita a Banda de Cira, creou canda Bernardo García a Unión



Imaxe da Unión Musical Ponteledesma da homenaxe a José Casal Balo (segundo pola dereita), realizada en maio de 2019

Musical Ponteledesma. A entidade comezou a súa andaina profesional con trinta alumnos e alumnas. Hoxe en día cóntanse por centos os músicos que continúan exercendo nas distintas bandas de música espalladas polo país.

Un traballo polo que en maio de 2019, José Casal recibía en Vila de Cruces

unha homenaxe da banda que axudara a xestar. Nesa homenaxe interviron Álvaro Lodeiro, actual presidente da agrupación, José Ramón Rodríguez García, como antigo presidente, Roberto Hermida, director da banda, e Jesús Otero, naquel momento alcalde do Concello de Vila de Cruces. O acto pechouse cun

concerto da formación no que interpretaron temas antigos dos primeiros tempos e coa entrega duns obsequios ao homenaxeado.

Na actualidade, a banda está formada por sesenta compoñentes, entre os que destacan músicos que colaboran con diferentes agrupacións profesionais das máis importantes de Galicia, onde a Unión Musical Ponteledesma tense gañado por dereito un lugar de privilexio. A súa última iniciativa foi unha homenaxe ao sesenta aniversario da publicación de "Memorias dun neno labrego", de Xosé Neira Vilas. Baixo o nome "Balbino: 60 anos de homenaxe a Galicia", a entidade fixo a súa derradeira actuación do 2021, con outra boquixanesa como gran protagonista: a cantante Marina Vidal.



Boqueixón acolleu a última actuación do ano da Unión Musical Ponteledesma



As persoas usuarias do SAF de Boqueixón decoran o Concello

As persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar de Boqueixón son as protagonistas dunha exposición de traballos creativos de Nadal, que se desfrutou durante o Nadal na entrada da Casa do Concello. É a primeira ocasión na que estas/ as artistas dan a coñecer o seu traballo, realizado en colaboración coas súas familias e co persoal auxiliar do SAF-Boqueixón.

A *Mostra de traballos creativos de Nadal* foi organizada pola empresa que xestiona o SAF en Boqueixón, Atendo, en colaboración co Concello. Está enmarcada no Programa de Estimulación Cognitiva que se está a im-

plantar baixo a lenda: “*promovendo vidas con sentido*”. Segundo explican dende o SAF-Boqueixón, “buscamos unha mellora integral na calidade de vida destas persoas”.

A exposición inclúe toda clase de adornos de Nadal: tarxetas de felicitación, centros florais, coroas de Nadal, árbores de Nadal (de papel, con piñas, con poliespán, con corchos de botella...), trens de xoguete, bolas de neve, trineos de papel, figuríñas de Nadal con piñas (Papá Noel, Bonecos de Neve...)... Uns traballos que levan o nome da persoa cos elaborou e fotos do proceso de elaboración.



A exposición de traballos puido visitarse na entrada da casa consistorial

AXENDA DO MES DE XANEIRO

Martes
4

Obradoiro de Lettering

Biblioteca municipal
De 16:00 a 18:30 horas.
Máis información:
cultura@boqueixon.com

Martes
4

Doazón de Sangue

FORTE. Diante do centro de saúde. De 9:30 a 14:30 horas.
CAMPORRAPADO. Diante do bar O Nervioso. De 16:00 a 21:00 horas.

Mércores
5

Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado
Ás 16 horas. Reservas na web www.boqueixon.gal ata esgotar aforo. Sorteio de agasallos entre a rapazada asistente, en colaboración con SBC Gasolineras.

Viernes
28

Educación en familia

CPI Antonio Orza Couto.
De 16:00 a 18:00 h. *Cómo poner límites sen necesidade de castigos ou premios*. Inscripcións cultura@boqueixon.com.

... e en febreiro

Viernes
25

Educación en familia

CPI Antonio Orza Couto.
De 16:00 a 18:00 h. *Celos, pelexas, bullying... ferramentas prácticas*. Inscripcións cultura@boqueixon.com.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com